



XUNTA DE GALICIA



DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Consellería de  
Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas  
Servizo de Urbanismo

Edificio Admto de Monelos  
Praza de Luis Seoane, s/n - 8º  
15071 A CORUÑA  
Tfnos. 981 18 48 58 981 18 48 02  
Fax 981 18 22 55



Data 27 de outubro de 2011	Referencia JABC/bss	Asunto Solicitude do concello de A Laracha para a autorización de construción dun campo de fútbol en Xermaña, parroquia de Caión, concello de A Laracha (A Coruña) resolución exppte. T.E. 003/2011
-------------------------------	------------------------	--



A secretaria xeral de ordenación do territorio e urbanismo, con data 25 de outubro de 2011, ditou a resolución que a continuación se transcribe literalmente:

**“RESOLUCIÓN DA SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA EN SOLO RÚSTICO PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CAMPO DE FUTBOL, CON VESTIARIOS E GRADARÍA, NO LUGAR DE XERMAÑA, PARROQUIA DE CAIÓN, CONCELLO DA LARACHA. (EXPTE. A.R. 003/2011).-**

Examinada a documentación que consta no procedemento da referencia, instruído, ao abeiro do establecido no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUG), resultan os seguintes

**I. ANTECEDENTES**

- 1.- O Concello da Laracha, legalmente representado polo seu alcalde D. José Manuel López Varela, solicita a autorización autonómica previa á concesión de licenza municipal para actuacións en solo rústico consistentes na construción dun campo de fútbol, con vestiarios e gradaría, no lugar de Xermaña, parroquia de Caión, do Concello da Laracha.
- 2.- Mediante escrito do devandito concello do 10 de outubro de 2011 (R.E. 170631), acórdase desistir do procedemento de autorización.

**II. FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

- 1.- A alínea primeira do artigo 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante, LRXPAC) impón á administración a obriga de ditar resolución expresa en tódolos procedementos e a de notificala calquera que fose a súa forma de iniciación, especificando que, en caso de desistencia, a resolución consistirá na declaración desta circunstancia, con indicación dos feitos producidos e das normas aplicables.
- 2.- O artigo 87 e seguintes da devandita LRXPAC establece que *poñerán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude ... e a declaración de caducidade;* determinando así mesmo que a desistencia e a renuncia aceptaranse de plano e declarárase concluso o procedemento cando non houberse terceiros interesados persoados, como é o caso.
- 3.- A competencia para resolver sobre as solicitudes de autorización autonómica en solo rústico correspóndelle á secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de conformidade co establecido nos artigos 41 da LOUG e 1, 2 e 12 do Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

**III. RESOLUCIÓN**

*Al Expediente*



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Consellería de  
Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas  
Servizo de Urbanismo

Edificio Admto de Monelos  
Praza de Luis Seoane, s/n - 8º  
15071 A CORUÑA  
Tfnos. 981 18 48 58 981 18 48 02  
Fax 981 18 22 55

galicia

Á vista do exposto e consonte coa proposta formulada polo Servizo de Urbanismo da Coruña, resolvo:

**Declarar o desistencia** da solicitude de autorización da Comunidade Autónoma para usos e actividades en solo rústico prevista no artigo 31.2 b) da LOUG, formulada polo Concello da Laracha, para a construción dun campo de fútbol, con vestiarios e gradaría, no lugar de Xermaña, parroquia de Caión, do referido concello, de conformidade cos preceptos e consideracións transcritos anteriormente, procedendo ó seu arquivo.


#### IV. RECURSOS

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, se é o caso, calquera outro que estimen procedente (artigos 48, 58, 114 e 115 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).

No suposto de que o interesado sexa unha administración pública, non caberá interpoñer recurso en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso administrativo perante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da notificación, sen prexuízo da formulación, no seu caso do requirimento previo en igual prazo (artigos 44 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdicción contencioso-administrativa).

Santiago de Compostela,

A secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, María Encarna Rivas Díaz."



que se comunica para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

Xefe de servizo

Agustín Barca Cofelo.